

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	2010	<b>PE403A 2009/101-1</b>
<b>Entidade</b>	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE NOIA, MUROS, PORTO DO SON E PORTOSÍN	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	MOLUSCOS BIVALVOS	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	LIBRE MARISQUEO	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	EMBARCACIÓN	

<b>Especies</b>	Ameixa babosa ( <i>Venerupis pullastra</i> ), ameixa rubia ( <i>Venerupis rhomboideus</i> ), ameixa fina ( <i>Ruditapes decussatus</i> ), ameixa bicuda ( <i>Venerupis aurea</i> ), ameixa xaponesa ( <i>Ruditapes philippinarum</i> ), carneiro ( <i>Venus verrucosa</i> ), cornicha ( <i>Spisula solida</i> ) e berberecho ( <i>Cerastoderma edule</i> ).
<b>Ámbito do plan</b>	Zona de libre marisqueo da Ría de Muros-Noia
<b>Subzonas de explotación</b>	Zona 2: entre punta de Sta. Catalina, Esteiro e Creba Zona 3: entre monte Louro e punta da Santa Catalina Zona 4: toda a zona sur entre punta Ornanda e punta Agueira

#### Participantes no plan de Explotación

<b>Número de permex/personas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	515	-
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		
		<b>Non</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	-	-

#### Calendario de explotación

<b>Días máximos de extracción</b>	69										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>	rotación zonas 2, 3 e 4.										
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
					X	X	X	X	X		

#### Topes de captura

<b>Especies</b>	<b>A pé</b>	<b>Embarcación/día</b>	<b>Tripulante enrolado e a bordo/día</b>
Ameixa rubia	-	45 kg	15 kg
Ameixa babosa	-	30 kg	10 kg
Carneiro	-	24 kg	8 kg
A. Bicuda	-	36 kg	12 kg
Cornicha	-	60 kg	20 kg
Ameixa fina	-	6 kg	2 kg
Berberecho	-	60 kg	20 kg

<b>Artes a empregar</b>	Rastro de ameixa ou raño, segundo o Decreto 424/93
<b>Puntos de control</b>	Zona de traballo.
<b>Puntos de venda</b>	Lonxas do Freixo, Esteiro e Muros.



Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Épocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>						X	X	X	X			
Zonas: Aguiera, Refíns dos Cons, Fonte Luceira, San Antón a Boa Vista, praia Castelo ó Cabo												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembr</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>						X	X	X	X			
Zonas: Aguiera, Refíns dos Cons, Fonte Luceira, San Antón a Boa Vista, praia Castelo ó Cabo												
Especies: ameixa babosa e ameixa rubia												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>						X	X	X	X			
Zonas: Aguiera, Refíns dos Cons, Fonte Luceira e dende San Antón a Boa Vista												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros:</b>						X	X	X	X			
Traslado de reló a zonas improdutivas												

**Outras consideracións:**

**Participantes:** O plan presenta un listado cun total de 515 embarcacións, e aínda que o número coincide cos datos da Consellería de embarcacións co recurso marisqueo Z4 asociadas ás confrarías que integran este plan, non é así a relación. A distribución destas embarcacións por confrarías é a seguinte: 392 asociadas á confraría de Noia, 56 asociadas á confraría de Muros, 32 asociadas á confraría de Porto do Son e 35 asociadas á confraría de Portosín.

A relación de embarcacións anexa ó plan inclúe a embarcación ....., asociada á confraría de Noia que ten denegado o permiso de explotación, polo que debe ser excluída deste plan. O listado correspondente ás embarcacións asociadas á confraría de Muros, inclúe a embarcación ....., nova construción que aínda non dispón de permiso de explotación, para a que reservaremos a praza mentres remata a tramitación do permiso, e non figura a embarcación .....asociada a esta confraría que dispón no seu permiso de explotación de marisqueo Z4. Así mesmo, apréciase un erro no nome da embarcación asociada á confraría de Portosín que se corresponde coa matrícula .....

Neste plan de explotación traballan arredor dun 25-30% do total das embarcacións incluídas.

**Xestión da explotación:** Establécese unha rotación de zonas de xeito que cada unha disporá dun período de descanso suficiente, ao tempo que facilitará un mellor control e vixilancia.



**Punto de control:** Estableceranse no mar, na zona de traballo. O paso polos puntos de control é obrigatorio para tódolos participantes do plan. Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

**Traballos de semicultivo:** A accións previstas de sementeiras, limpeza, acondicionamentos... considéranse axeitadas de cara á mellora da produción destes bancos, pero deben especificarse a participación dos integrantes deste plan é obrigatoria ou non. Recoméndase unha maior concreción da organización destes traballos e dos responsables do seu control.

**Réxime sancionador:** De ser obrigatoria a asistencia ós traballos de semicultivo, o plan debería reflectir o procedemento sancionador e réxime disciplinario no caso de incumprimento. Recoméndase que o colectivo se asesore coa axente de extensión para a elaboración dun procedemento sancionador axustado ós estatutos das confrarías participantes. O plan reflicte que o incumprimento das normas de plan (xestión, control e vixilancia) por parte dos mariscadores, elevaranse á Consellería do Mar.

As embarcacións deberán presentar vendas para poder participar no plan do seguinte ano. En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe o réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Deberán achegar a seguinte documentación:**

- Documentación que acredite a designación da Confraría de Noia como representante do plan.